

“Concurso Logotipo ABDM”

A Asociación Barrio dos Muiños convoca un Concurso de deseño do Logotipo para a ABDM.

Bases do Concurso

- 1. Convocatoria.** A presente convocatoria ten por obxectivo a de dotar a ABDM dun logotipo e facer partícipe a asociados e a calquer persoa que desexe.
- 2. Participantes.** Poderán participar todas as persoas que aceiten as bases do concurso.
- 3. Deseño.** O deseño debe ser unha proposta orixinal enfocada para ser un logotipo da Asociación do Barrio dos Muiños.
- 4. Entrega das propostas.** Poderase achegar as propostas ao mail da ABDM (barriodosmuinhosasociacion@gmail.com) ou aos membros da Directiva. Debe conter:
 - 1.** Deseño a cor e en branco e negro en A4 (sen anotacións nin o nome da persoa participante)
 - 2.** Nome do participante e telefone de contacto e mail. No caso de ser entregado o deseño en papel, deben ser anexados nun sobre.
- 5. Prazo de presentación.** Poderán presentarse propostas até o día 30 de Abril.
- 6. Xurado.** O xurado estará composto por 3 persoas, unha persoa da Directiva, e dúas persoas máis procedentes dos ámbitos de Deseño, Marketing, Belas Artes...
- 7. Gañador.** O xurado elegerá o gañador de entre todas as persoas participantes ou no seu caso deixar deserto. Farase público por diferentes medios aos participantes e socios, exhibindo o resultado no tabuleiro da ABDM, informando polas redes e correo electrónico. Valorarase as ideas que teñan orixinalidade e o desenvolvemento da imaxe corporativa.
- 8. Premio.** O premio consistirá nun trofeo, máis un bono de 75€ para usar nos comercios e profesionais dos Muiños e tamén 75€ en efectivo.
- 9. Dereitos de Autor.** Todas as persoas ao participaren aceptan consentir que o logotipo será de libre uso pola ABDM permitindo o seu uso sen ningún tipo de restrición nin obriga, ademais tamén o traballo pode ser modificado e adaptado, creando obras derivadas.